

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CULTURAL-MUSICAL DE ANTIGUOS TUNOS COMPOSTELANOS E AMIGOS DO MUSEO CASA DE LA TROYA PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DA XESTIÓN DAS VISITAS DO MUSEO CASA DA TROIA PARA O ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura está tramitando coa Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya nos gastos da xestión das visitas ao Museo da Casa da Troia na súa apertura ao público durante o ano 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa o Museo Casa da Troia dentro da cultura e historia compostelá, e é a Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya a encargada de realizar e xestionar as visitas do Museo da Casa da Troia.

Por todo o anterior é a Asociación Cultural-Musical de Antiguos Tunos Compostelanos e Amigos do Museo Casa de la Troya a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

